



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DE BETANZOS
EXPEDIENTE: 2025/G013/000003

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á TRAMITACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DE BETANZOS

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), que dispón que, con carácter previo á elaboración/modificación de proxectos de ordenanzas ou regulamentos, se substanciará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma.

DISPOÑO:

Abrir o trámite de consulta pública previa para a redacción, tramitación e aprobación da nova Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmobles do Concello de Betanzos, a través da sede electrónica municipal, durante un prazo de 15 días (naturais) a contar desde o seguinte á publicación deste anuncio, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos mencionados no art. 133 da LPACAP, que figuran recollidos no Anexo I do presente anuncio.

As persoas interesadas poderán presentar as súas suxestións e opinións no rexistro electrónico do Concello de Betanzos ou na caixa de correos de suxestións habilitado na sede electrónica municipal.

ANEXO I CONSULTA PUBLICA

Antecedentes, marco legal e competencia municipal na materia que será obxecto de regulación a través da Ordenanza:

O artigo 25.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), atribúe aos municipios competencias en materia de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, o que inclúe a regulación do servizo de taxi como servizo público de interese xeral.

Así mesmo, o artigo 4 da LRBRL recoñece a potestade regulamentaria e de autoorganización das entidades locais para aprobar ordenanzas neste eido.

No ámbito autonómico, a prestación do servizo de taxi está regulada pola Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, desenvolvida polo Decreto 168/2015, de 13 de novembro, que establece o réxime xurídico das autorizacións, prestación do servizo e dereitos e obrigas dos profesionais do taxi.

Problemas que se pretenden solucionar coa Iniciativa:

Necesidade de adaptar a normativa municipal ao marco legal autonómico e estatal, garantindo maior seguridade xurídica.

Regular de forma clara os criterios de concesión, transmisión e revogación de licenzas de taxi.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

Establecer condicións de prestación do servizo, mellorando a calidade, accesibilidade e transparencia fronte á cidadanía.

Atallar posibles problemas de intrusismo, competencia desleal ou prestación irregular do servizo.

Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

Asegurar que o servizo de taxi se preste en condicións de calidade, continuidade, seguridade e accesibilidade universal, de acordo co interese xeral.

Dar resposta ás novas demandas de mobilidade sostible e complementariedade cos transportes públicos colectivos.

Reforzar a igualdade de acceso ao servizo en todo o termo municipal, incluíndo zonas menos atractivas economicamente.

Dotar de claridade normativa aos profesionais e á cidadanía, evitando conflitos e baleiros legais

Obxectivos:

Regular o réxime de licenzas municipais de taxi: número, procedemento de concesión, duración, transmisión e causas de extinción.

Establecer os dereitos e deberes dos titulares de licenzas e dos usuarios.

Fixar criterios de calidade e accesibilidade na prestación do servizo (vehículos adaptados, atención a colectivos vulnerables, uso de novas tecnoloxías).

Mellorar a coordinación co resto de modos de transporte urbano e interurbano.

Impulsar un servizo de taxi eficiente, sostible e seguro, que contribúa á mobilidade global de Betanzos.

Posibles solucións e alternativas, regulatorias e non regulatorias:

Alternativas non regulatorias: campañas de sensibilización, convenios cos profesionais, plans de modernización da frota ou sistemas voluntarios de mellora da calidade. Aínda que útiles, non garantizan por si sós a seguridade xurídica necesaria.

Alternativa regulatoria: a aprobación dunha Ordenanza municipal do taxi, que estableza un marco claro e estable para a xestión das licenzas, a prestación do servizo e o réxime sancionador. Esta opción é a única que garante o cumprimento do marco legal autonómico e estatal, proporcionando seguridade xurídica e protección do interese xeral.

Enlace ao borrador da ORDENANZA: <http://gofile.me/70TPh/MvR1UQAyn>

Betanzos, na data que figura na marxe.

Alcadesa-presidenta

María Barral Varela

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).